

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL

Seis prazas de peón.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é establecer os criterios de selección de traballadores/as para cubrir seis postos de traballo temporal de peón para mantemento de infraestruturas e xardinería, para o programa anual de mantemento de vías e espazos públicos municipais.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS

Os postos que se van contratar terán as seguintes características:

- Posto e número: seis peóns.
- Contrato: contrato de traballo temporal por circunstancias da produción
- Duración: 6 meses
- Tipo de xornada: completa.
- Grupo IV (C-2)
- Complemento de destino: Nivel 16.
- Complemento específico: 4.200,00 €/ano.

TERCEIRA.- PUBLICIDADE

A publicidade das bases deste proceso selectivo farase mediante na web municipal (<https://assomozas.es/>) e no taboleiro de anuncios. O resto de anuncios sucesivos vinculados a este proceso selectivo faranse na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de As Somozas.

CUARTA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Os requisitos das persoas aspirantes son os seguintes:

- Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupada e estar dispoñible para o emprego. Este requisito debe cumprirse tanto no momento da selección, coma no da formalización do contrato.
- Ter a nacionalidade española e ser maior de 16 anos, con idade non superior á de xubilación, sen prexuízo do disposto na legalidade vixente para o acceso dos nacionais dos Estados membros da UE, así como das persoas estranxeiras residentes en España
- Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas, nin estar en ningunha causa de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para exercer funcións similares ás das presentes bases. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público
- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- Ter a capacidade física axeitada para ocupar o posto de traballo, e nomeadamente para o manexo da maquinaria propias do posto (desbrozadora, cortacésped, cortasetos, etc.)

QUINTA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN



O procedemento de selección será o seguinte:

- Introducción da oferta no SPEG, sondaxe e derivación dos candidatos e candidatas por parte do servizo.
- Fase de concurso: valoración de méritos.
- Fase de oposición: proba escrita ou oral. Poderá tamén realizarse unha proba práctica.
- Puntuación final e proposta de persoas candidatas á Alcaldía.

SEXTA.- CHAMAMENTO E DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR

Unha vez recibidos os currículos das persoas candidatas, enviados por parte do SPEG, procederase a realizar unha listaxe de persoas admitidas, que será publicada na web e no taboleiro de anuncios. Asemade, coa aprobación desa listaxe marcarase o día, hora e lugar no que se celebrará a entrevista, así como a documentación que terán que achegar. Paralelamente as persoas candidatas serán citadas telefonicamente.

SÉTIMA.- FASE DE CONCURSO

Na fase de concurso valoraranse as circunstancias persoais de cada aspirante, no que cada apartado se valorará con 1 punto ata un máximo de 4 puntos:

- Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítima de violencia de xénero
- Menores de 35 anos, en especial, as persoas aquelas persoas sen cualificación profesional.
- Responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento
- Persoas que non cobren subsidio de desemprego nin outras rendas non contributivas

OITAVA.- FASE DE OPOSICIÓN

A fase de oposición será valorada cun máximo de 6 puntos, segundo o criterio do tribunal asignado, onde se valorarán os coñecementos sobre o posto a desenvolver. Realizarase unha proba na que se avaliarán os coñecementos das persoas candidatas sobre:

- Coñecementos do posto a desenvolver (procedementos e maquinaria precisa para os traballos a realizar)
- Coñecementos do territorio municipal (parroquias e lugares de As Somozas e principais vías de comunicación).
- Medidas de seguridade básicas para o uso de maquinaria e ferramentas.

A non presentación á proba suporá a eliminación do proceso selectivo.

Debido ás características do posto, o tribunal poderá determinar que a proba sexa oral, escrita e/ou práctica, versando, neste caso sobre o uso da maquinaria propia do posto.

NOVENA.- VALORACIÓN FINAL

Unha vez rematada a valoración da fase de concurso e realizada a proba presencial, o tribunal sumará os puntos obtidos por cada persoa candidata e propondrá á Alcaldía o nomeamento das persoas que obtivesen as puntuacións máis elevadas. No caso de empate terán preferencia as persoas que non perciban ningún tipo de prestación ou subsidio por desemprego e, se persiste o empate as persoas con data de maior antigüidade en situación de desemprego. O resto de persoas que non fosen eliminadas durante o proceso selectivo formarán unha lista de agarda, á que se recorrerá no caso de ter que realizar contratacións de substitución das persoas seleccionadas inicialmente.

DÉCIMA.- TRIBUNAL

O tribunal estará composto polas seguintes persoas:

- Presidenta: Noelia Galego Casal ou persoa/a que o substitúa
- Secretario: Miguel A. Arroyo Moreno ou persoa/a que o substitúa
- Vogal: Juan Antonio Anidos Otero ou persoa/a que o substitúa



O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias xurdan durante o proceso selectivo así como tomar os acordos que procedan en orde á cobertura de prazas convocadas.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á Alcaldía, cando neles concorran circunstancias previstas de abstención recollidas na normativa de procedemento administrativo común. Ademais, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando se dese calquera das circunstancias de abstención. Para a válida actuación do tribunal será precisa a presenza da maioría dos seus membros.

As Somozas, maio de 2023.

